

## **REGULAMENTO DE USO DA MARCA DE GARANTÍA *Galicia Calidade***

### **TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Artigo 1.- OBXECTO DO REGULAMENTO.**

O presente Regulamento ten por obxecto fixar as condicións de uso da marca de garantía "Galicia Calidade", con un distintivo gráfico tal e como se reproduce no Anexo I deste Regulamento, co fin de garantir a calidade de determinados produtos que se produzan, elaboren ou transformen no territorio galego, así como a súa promoción no comercio galego, estatal, e internacional.

#### **Artigo 2.- TITULARIDADE E ADMINISTRACIÓN DA MARCA.**

A marca de garantía é de titularidade da Sociedade Anónima Mercantil "Galicia Calidade, S.A." adscrita á Consellería competente en materia de Comercio da Xunta de Galicia. Inscribírase na Oficina Española de Patentes e Marcas a través da Sociedade Galicia Calidade, S.A.

A Sociedade Anónima Mercantil "Galicia Calidade, S.A." xestionará e administrará a marca de garantía "Galicia Calidade". Esta outorgará as licenzas de marca exercendo medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade e características dos produtos elaborados e dos servizos prestados que a ostenten.

#### **Artigo 3.- DOMICILIO DO TITULAR.**

Fixase como enderezo do titular da marca o seguinte: Edificio Administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela (A Coruña).

#### **Artigo 4.- RÉXIME XURÍDICO.**

A marca de garantía rexerese polas disposicións contidas no presente Regulamento e os preceptos da Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas, aplicábeis á marca de garantía. Así mesmo, serán de aplicación as disposicións autonómicas e estatais que correspondan en razón da materia.

#### **Artigo 5.- PERSOAS LEXITIMADAS PARA USAR A MARCA.**

1.- Soamente poderán usar a marca de garantía as persoas autorizadas polo titular da mesma, a través da súa sociedade xestora "Galicia Calidade, S.A.". Para obter tal autorización deberase presentar á sociedade xestora unha solicitude oficial que conteña os requirimentos que se sinalan no Título II do presente regulamento.

2.- Non se autorizará o uso da marca de garantía a quen con anterioridade á súa solicitude realizase un uso ilícito da mesma.

## **REGULAMENTO DE USO DA MARCA DE GARANTÍA *Galicia Calidade***

### **Artigo 6. CANON.**

As empresas licenciarias da marca de garantía Galicia Calidade, aboarán un canon anual en concepto de aluguer de licenza de marca, na cantidade que se estableza nas tarifas aprobadas pola Sociedade Anónima Mercantil "Galicia Calidade".

## **TÍTULO II PROCEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN**

### **Artigo 7.- SOLICITUDE OFICIAL.**

As persoas interesadas en utilizar a marca de garantía deberán efectuar a súa solicitude ante a Sociedade Galicia Calidade, S.A. para a súa aprobación. Para isto a Sociedade Galicia Calidade, S.A. realizará un modelo oficial de solicitude, onde se consignará a información e documentación necesaria para a autorización de uso da marca de garantía.

Os datos e a documentación requirida na solicitude oficial contemplarán: aqueles de natureza administrativa necesarios para a sinatura dos correspondentes contratos de aluguer de marca; e aqueles outros datos de natureza técnica onde se identifiquen os produtos ós que se pretende amparar e as súas características. Así mesmo, requirirase a información relativa ós sistemas de calidade, infraestrutura e medidas de control que a empresa dispoña para garantir a calidade dos produtos obxecto da solicitude. Galicia Calidade, S.A. poderá solicitar a documentación complementaria relativa ó produto, sistema de calidade, e empresa, que estimara necesario para o procedemento de autorización.

### **Artigo 8.- REQUIRIMENTOS.**

Para o outorgamento das licenzas de marca, as persoas solicitantes deberán acreditar ante Galicia Calidade, S.A. o cumprimento dos requirimentos do presente Regulamento de Uso, e dos requirimentos complementarios que en función da natureza dos produtos, proceso produtivo, ou sector operativo, aprobe Galicia Calidade ó efecto.

### **Artigo 9.- PROCEDIMENTO.**

A sociedade "Galicia Calidade, S.A." establecerá procedementos internos para a verificación dos requirimentos establecidos, ás empresas e ós produtos, para o uso da marca de garantía Galicia Calidade.

### **Artigo 10.- SISTEMA DE XESTIÓN DA CALIDADE.**

O solicitante deberá ter implantado un sistema de xestión da calidade que aporte as evidencias do cumprimento dos requirimentos reflectidos no presente regulamento.

## **REGULAMENTO DE USO DA MARCA DE GARANTÍA *Galicia Calidade***

Galicia Calidade poderá solicitar a documentación correspondente ó sistema da calidade para a súa verificación, ou os certificados, emitidos por entidades de control e/ou certificación, conforme ó cumprimento das normas que afectaren á calidade dos produtos, á organización, xestión e garantía da calidade, e xestión medioambiental segundo proceda.

### **Artigo 11.- OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN.**

Trala verificación, e se non existen defectos na solicitude ou estes foron emendados, Galicia Calidade, S.A., outorgará a autorización para o uso da marca de garantía, previa aceptación do solicitante das condicións xerais e particulares da mesma. A autorización ou licenza de uso da marca de garantía terá unha duración determinada, podéndose outorgar por períodos superiores a un ano. Ditas licenzas pódense renovar tralo seu vencemento.

## **TÍTULO III CONDICIÓN DE USO**

### **Artigo 12.- USO DA MARCA.**

A marca de garantía só poderá ser utilizada polas persoas autorizadas, nas condicións e forma específica que se sinalen en tal autorización e para os produtos concretamente autorizados. Os termos desta autorización interprétanse de maneira restritiva.

### **Artigo 13.-PROHIBICIÓN DE REXISTRO E USO EFECTIVO DA MARCA.**

1.- Os usuarios da marca de garantía non poderán usar ou solicitar a inscrición, en ningún país, dun signo idéntico ou semellante ou que de calquera forma poda inducir a erro, confusión ou aproveitamento da fama e reputación da marca de garantía.

2.- A marca de garantía non poderá ser utilizada de maneira que poda causar descrédito, prexudicar a súa reputación ou inducir a erro ós consumidores sobre as características do produto ou servizo ós que se aplica a marca de garantía.

### **Artigo 14.-UTILIZACIÓN DA MARCA.**

A marca de garantía soamente poderá utilizarse de maneira accesoria e nunca a título principal ou substitutivo da marca do usuario. En particular, a marca de garantía non poderá ter unha dimensión igual ou maior á marca do produto nin estar colocada nun lugar tan predominante que induza ó erro sobre a súa verdadeira natureza de marca de garantía.

Galicia Calidade, S.A. poderá establecer normas específicas para o uso da marca, o logotipo e, as súas aplicacións no etiquetado, sen prexuízo dos requirimentos establecidos na lexislación vixente aplicable en

## **REGULAMENTO DE USO DA MARCA DE GARANTÍA *Galicia Calidade***

materia de etiquetado e, en particular, co establecido no Artigo 10.1 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

### **Artigo 15.-CESIÓN OU LICENZA.**

A marca de garantía só poderá ser utilizada pola persoa autorizada polo seu titular, non podendo, a persoa autorizada, ceder ou sublicenciar, total ou parcialmente, os dereitos que se deriven de tal autorización.

### **Artigo 16.-EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO.**

O dereito de uso da marca de garantía extinguirase no caso de suspensión de pagamentos, concurso de acredores, quebra, liquidación, fusión, absorción, cesión do fondo de comercio ou algún dos seus elementos da persoa autorizada. Esta última non poderá dar como garantía o dereito de uso que lle corresponde sobre a marca de garantía, nin tampouco poderá ser este embargado ou ser obxecto doutras medidas de execución.

### **Artigo 17.-PUBLICIDADE.**

Corresponderá, ó titular da marca de garantía ou á Sociedade Xestora a realización das campañas de publicidade e promoción da marca, debendo as persoas autorizadas para o seu uso absterse de realizar actos publicitarios ou promocionais da marca, sen o consentimento expreso de estes.

## **TÍTULO IV MEDIDAS DE CONTROL**

### **Artigo 18.-CONTROL EXTERNO.**

1.- Os produtos ós que se aplicará a marca de garantía, deberán someterse a un control externo por parte da sociedade xestora da marca ou a entidade que a tal efecto, e en función do produto controlado, designe Galicia Calidade, S.A.

2.- O control sobre os produtos poderá realizarse previamente, durante o proceso de solicitude ou con posterioridade á autorización para o uso da marca de garantía, sempre que a autorización non se considere extinguida. Non será necesario en ningún caso establecer un prazo de aviso para levar á práctica este control.

3.- As medidas de control poderán afectar non só ós produtos que leven ou podan levar a marca de garantía, se non tamén ás propias medidas de control interno e ó sistema de xestión da calidade, que a persoa autorizada para utilizar a marca introducíse e ás que se refire o Art. 20.3 do presente Regulamento.

## **REGULAMENTO DE USO DA MARCA DE GARANTÍA *Galicia Calidade***

### **Artigo 19.-MEDIDAS DE CONTROL.**

Galicia Calidade, S.A. e os organismos de control designados, realizarán as auditorías, ensaios, necesarios para verificar o cumprimento das condicións establecidas para a utilización da marca. Galicia Calidade, S.A. poderá dispoñer dun procedemento para ditas actividades.

### **Artigo 20.-OBRIGAS DA PERSOA AUTORIZADA.**

1.- A persoa autorizada obrigase a conservar mostras do produto e envialas á entidade encargada do control externo, se para iso é requirida.

Así mesmo, facilitará, no seu caso, o acceso ás súas dependencias ó persoal de Galicia Calidade, S.A. ou da entidade de control autorizada por esta co fin de que poda executar as medidas de control establecidas.

2.- As persoas autorizadas terán a obriga de aboar ó titular da marca de garantía o correspondente canón establecido para o seu uso. Tamén serán por conta da persoa autorizada os gastos derivados das actividades de control levadas a cabo polas entidades de control externo empregadas.

3.- As persoas autorizadas deberán establecer un sistema de xestión da calidade, que contemple o control interno da produción, e a elaboración do seu produto. As persoas autorizadas deberán comunicar ó titular da marca de garantía ou á súa sociedade xestora, as modificacións relevantes no sistema e nos produtos amparados.

### **Artigo 21.-OBRIGAS DO TITULAR DA MARCA DE GARANTÍA.**

O titular da marca de garantía e a súa Sociedade Xestora obrigase a non comunicar a terceiros a información que poda ter recibido no exercicio das medidas de control. Esta obriga incumbe, tamén, ás entidades que realizen controis externos, as cales velarán para que no exercicio da súa función teñan en conta os lexítimos intereses dos usuarios, ós efectos de que queden salvagardados os seus segredos de fabricación ou de negocio.

## **TÍTULO V DISPOSICIÓNS FINAIS**

### **Artigo 22.-DEFENSA DA MARCA.**

1.- No caso de infracción da marca de garantía corresponderá ó seu titular a lexitimación para exercitar as accións que correspondan para a defensa de tal marca, quedando prohibido ós usuarios exercitar calquera tipo de acción en tal sentido.

## **REGULAMENTO DE USO DA MARCA DE GARANTÍA *Galicia Calidade***

2.- Se algunha persoa autorizada ten coñecemento dunha infracción ou utilización ilícita da marca de garantía, deberá poñerllo en coñecemento inmediato do titular da marca, comunicándolle os datos precisos para que o titular da marca de garantía poda exercer as accións pertinentes.

### **Artigo 23.- RESPONSABILIDADE POR DEFECTOS.**

1.- O titular da marca só garante, ás persoas autorizadas a usar a mesma, o feito da propia existencia da marca de garantía, así como a súa inscrición e vixencia no Rexistro de Marcas que se leva na Oficina Española de Patentes e Marcas.

2.- As persoas autorizadas para utilizar a marca de garantía serán os únicos responsábeis dos defectos dos seus produtos ou da presentación irregular dos seus servizos, de tal xeito que non poderán, en ningún caso, responsabilizar ó titular da marca ou á entidade de control por este feito.

3.- En todo caso, o usuario da marca de garantía deberá asumir por conta propia as indemnizacións e prexuízos ocasionados a terceiros que se deriven das súas accións ou omisións.

### **Artigo 24.-SANCIONES.**

1.- No suposto de incumprimento das normas do presente Regulamento, así como das posteriores e posibles modificacións que legalmente se realicen do mesmo, e das normas específicas que Galicia Calidade, S.A. estableza ó efecto, revocarase con carácter automático a autorización outorgada para utilizar a marca de garantía, sen que a persoa autorizada poda exixir do titular da mesma indemnización algunha.

2.- A persoa autorizada será responsábel, por dito incumprimento, dos danos que se causen ó titular da marca ou a terceiros.

3.- Nos casos en que se comprobe que os produtos que portan a marca de garantía, non responden ós criterios establecidos neste Regulamento, deberán retirarse do mercado todos os produtos en cuestión. Esta obriga incumbirá tamén, á persoa autorizada despois de ser revocada a autorización.

### **Artigo 25.-MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO.**

As modificacións do presente Regulamento de Uso serán inscritas na Oficina Española de Patentes e Marcas. Así mesmo, serán notificadas ás persoas autorizadas para que as acepten e cumpran ós efectos de poder continuar utilizando a marca de garantía.